

GUÍA DIDÁCTICA: Visita guiada ao noso Patrimonio

DESCRINCIÓN

Este REA (Recurso educativo aberto) ofrece ao alumnado o reto de crear unha exposición escolar empregando a metodoloxía de proxectos. Está composto de dez situacións de aprendizaxe diferentes que abarcan momentos distintos deste proceso, que poden ser abordados tamén de maneira illada.

Busca a integración de diversos elementos dixitais na súa elaboración coa pretensión de crear unha exposición interactiva que resulte interesante para a comunidade.

Está enfocada á posta en valor de elementos patrimoniais da contorna aínda que pode ser adaptada a contextos científicos ou doutra índole.

No deseño e preparación, o alumnado terá a oportunidade de traballar con ferramentas dixitais de distinta complexidade en función da intencionalidade docente.

METODOLOXÍA

- ✓ Resolución de problemas mediante unha aprendizaxe baseada no desenvolvemento de proxectos.
- ✓ Ferramentas dixitais no proceso de aprendizaxe de maneira interdisciplinar.
- ✓ Conexión co mundo real. Aprendizaxe-servizo.
- ✓ Fomento da creatividade, a comunicación e o desenvolvemento tecnolóxico.
- ✓ Pretende ter en conta os distintos ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado.
- ✓ Traballo en equipo con perspectiva de xénero.
- ✓ Respectuosa coa sostibilidade.
- ✓ Fomento da inclusión e igualdade de xénero.

ASPECTOS CURRICULARES

Obxectivos:

- Recoñecer o valor do patrimonio cultural, para conservalo e melloralo.
- Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, de acordo ás necesidades dun proxecto común.

Contidos:

- O patrimonio. Coidado, conservación e mellora.
- Costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural.
- Propostas de traballo cooperativo nun proceso de investigación con perspectiva histórica.
- As fontes históricas.
- Utilización de técnicas, materiais e recursos tecnolóxicos. Mensaxes audiovisuais.
- Coñecemento e respecto polas licenzas de uso.

Competencias clave:

Son propostas que desenvolven as competencias (CCL, STEM, CD, CPSAA, CC, CCEC) de maneira integrada. Especialmente:

- Competencia Dixital (CD)_Fomento seguro, saudable, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a participación na sociedade.
- Competencia en conciencia e expresión cultural (CCEC)_Comprensión e respecto das manifestacións artísticas e culturais.

TEMPORALIZACIÓN

É variable en función do produto final de cada situación e da intencionalidade do profesorado. Pero pode ser un proxecto para a realización en todo un curso de traballo.

AVALIACIÓN

Avaliación inicial, parcial (despois de cada situación de aprendizaxe) e final.

Autoavaliación, despois de cada ODE.

Heteroavaliación, utilizando a rúbrica a través de táboas de indicadores, da análise da exposición oral e da valoración do produto final.

AGRUPAMENTOS

A proposta pode ser levada a cabo por alumnado a partires de 4EP.
Traballo en equipo de tres ou catro persoas.

SITUACIÓNS DE APRENDIZAXE

Adáptanse a un proxecto escolar distintas tarefas do proceso museístico.
ODE1: Deseño e reparto de responsabilidades.
ODE2: Catalogación do material expositivo.
ODE3: Conformación do espazo da Expo.
ODE4: Difusión á comunidade.
ODE5: Preparación dos/as guías.
ODE6: Realización dunha audioguía.
ODE7: Percorrido virtual pola Expo.
ODE8: Interactividade e inclusión na Expo.
ODE9: Seguridade da Expo.
ODE10: Tenda da Exposición.